

1. INTRODUCCIÓN

Este documento (conxuntamente con todos os documentos nel mencionados) establece as condicións polas que se rexe o uso desta páxina web (www.zara.com) e a compra de produtos nela (en diante, as “Condicións”), calquera que sexa o aplicativo, medio dixital, soporte ou dispositivo a través do que se poida acceder. Pregámoslle que lea atentamente as estas Condicións e a nosa Política de privacidade e cookies (“Política de privacidade e cookies”) antes de usar esta páxina web. Ao utilizar esta páxina web ou facer un pedido a través dela, vostede consente quedar vinculado por estas Condicións e pola nosa Política de privacidade e cookies, polo que, se vostede non está de acordo con todas as Condicións e coa Política de privacidade e cookies, non debe usar esta páxina web.

Se ten algunha pregunta relacionada coas Condicións ou a Política de privacidade e cookies, pode poñerse en contacto connosco a través das nosas vías de contacto.

O contrato poderá formalizarse, á súa elección, en calquera dos idiomas nos que as Condicións están dispoñibles nesta páxina web.

2. OS NOSOS DATOS

A venda de artigos a través desta páxina web é realizada baixo a denominación ZARA por ZARA ESPAÑA, S.A., sociedade española con domicilio en avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143 Arteixo (A Coruña), inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 929, sección xeral, folio 153, folla C-2751, inscrición 1ª e NIF A-15022510 con teléfono 900 814 900 e correo electrónico info-es@zara.com.

3. OS SEUS DATOS E AS SÚAS VISITAS A ESTA PÁXINA WEB

A información ou datos persoais que nos facilite sobre vostede serán tratados conforme co establecido na Política de privacidade e cookies. Ao facer uso desta páxina web, vostede consente o tratamento da devandita información e datos e declara que toda a información ou datos que nos facilite son veraces e se corresponden coa realidade.

4. USO DO NOSO SITIO WEB

Ao facer uso desta páxina web e realizar pedidos a través dela, vostede comprométese a:

- i. Facer uso desta páxina web unicamente para realizar consultas ou pedidos legalmente válidos.
- ii. Non realizar ningún pedido falso ou fraudulento. Se razoablemente se puidese considerar que se fixo un pedido desta índole, estaremos autorizados a anulalo e informar as autoridades pertinentes.
- iii. Facilitarnos o seu enderezo de correo electrónico, enderezo postal e outros datos de contacto de forma veraz e exacta. Así mesmo, consente que poderemos facer uso da devandita información para poñernos en contacto con vostede se é necesario (ver a nosa Política de privacidade).

Se non nos facilita vostede toda a información que necesitamos, non poderemos cursar o seu pedido.

Reservámonos o dereito de impedirle o acceso á nosa páxina web ou de cancelar a súa conta se o seu comportamento constitúe un incumprimento dos presentes termos e condicións ou da normativa vixente.

Ao realizar un pedido a través desta páxina web, vostede declara ser maior de 18 anos e ter capacidade legal para asinar contratos.

5. DISPOÑIBILIDADE DO SERVIZO

Os artigos que se ofrecen a través desta páxina web están unicamente dispoñibles para o seu envío a territorio español.

Se desexa realizar un pedido dende outro país a través deste sitio web, pode facelo; non obstante, teña en conta que soamente ofrecemos entregas nas tendas ZARA de España ou nun enderezo de envío en territorio español.

6. COMO REALIZAR UN PEDIDO

Para realizar un pedido, deberá seguir o procedemento de compra online e facer clic en “Autorizar pagamento”. Tras isto, recibirá un correo electrónico que confirmará o seu pedido (a “Confirmación de Pedido”). Así mesmo, informáremolo mediante correo electrónico de que o produto está a ser enviado (a “Confirmación de Envío”).

7. MEDIOS TÉCNICOS PARA CORRIXIR ERROS

En caso de que vostede detectase que se produciu un erro ao introducir os seus datos persoais durante o seu rexistro como usuario desta páxina web, poderá modificar os devanditos datos no apartado “A miña conta”.

En todo caso, poderá corrixir erros relacionados cos datos persoais achegados durante o proceso de compra dirixíndose ao servizo de atención ao cliente a través do teléfono 900 814 900, do chat dispoñible na páxina web, das redes sociais (en Facebook e Twitter) ou de WhatsApp, así como exercitar o dereito de rectificación recollido na nosa Política de privacidade e cookies a través de dataprotection@zara.com.

Esta páxina web mostra ventás de confirmación en diversos apartados do proceso de compra que non permiten proseguir co pedido se os datos destes apartados non se proporcionaron correctamente. Así mesmo, esta páxina web ofrece os detalles de todos os artigos que engadise á súa cesta durante o proceso de compra, de forma que, antes de realizar o pagamento, vostede poderá modificar os datos do seu pedido.

Se vostede detectase un erro no seu pedido con posterioridade á finalización do proceso de pagamento, deberá poñerse en contacto de xeito inmediato co noso servizo de atención ao cliente, no teléfono ou no enderezo de correo electrónico anteriormente mencionados, para emendar o erro.

8. DISPOÑIBILIDADE DOS PRODUTOS

Todos os pedidos están suxeitos á dispoñibilidade dos produtos. De producírense dificultades en canto á subministración de produtos ou de non quedar artigos en stock, reembolsarémolle calquera cantidade que puidese ter aboado vostede.

9. ENTREGA

Antes de formalizar o pedido vostede deberá seleccionar a modalidade de entrega que máis se axuste ás súas necesidades. Salvo que acordásemos outra cousa, enviaremoslle o pedido

consistente no/s produto/s relacionado/s en cada Confirmación de envío sen ningunha demora indebida e como moito no prazo de 30 días naturais dende a data da Confirmación de pedido.

Teña en conta que existen circunstancias derivadas da personalización dos produtos, ou circunstancias imprevistas ou extraordinarias, que poden afectar a data de entrega.

No que respecta á tarxeta regalo virtual, enviáremola na data que vostede indicara ao realizar o pedido.

Se por algún motivo non puidésemos cumprir coa data de entrega, informáremoslle desta circunstancia e darémoslle a opción de seguir adiante coa compra establecendo unha nova data de entrega ou ben anulando o pedido co reembolso total do prezo pagado. Teña en conta, en calquera caso, que non realizamos entregas a domicilio os sábados nin os domingos, agás no caso da tarxeta regalo virtual, que se entregará na data que vostede indicara.

Para os efectos das presentes Condicións, entenderase que se produciu a “entrega” ou que o pedido foi “entregado” no momento en que vostede, ou un terceiro indicado por vostede, adquira a posesión material dos produtos, o que se acreditará mediante a sinatura da recepción do pedido no enderezo de entrega convindo.

A tarxeta regalo virtual entenderase entregada conforme co establecido nas Condicións de uso da tarxeta regalo e, en todo caso, na data de envío desta ao enderezo de correo electrónico indicado por vostede.

10. IMPOSIBILIDADE DE ENTREGA

Se nos resulta imposible efectuar a entrega do seu pedido, intentaremos buscar un lugar seguro para deixalo. Se non podemos encontrar un lugar seguro, o seu pedido será devolto ao noso almacén. Así mesmo, deixáremoslle unha nota na que explicaremos onde se encontra o seu pedido e como facer para que llo enviemos de novo. Se non vai estar no lugar de entrega á hora convida, pregámoslle que se poña en contacto connosco para convir a entrega noutro día.

Chegado o caso de que o pedido non fose entregado por causa non imputable a nós, poñerémonos en contacto con vostede e, se transcorridos trinta (30) días dende que poñamos o artigo á súa disposición, non o recollese ou se negase a recibilo, terase por abandonado. Para obter máis información, pode poñerse en contacto connosco a través das nosas canles de atención ao cliente.

A presente cláusula non resulta de aplicación á tarxeta regalo virtual, cuxa entrega se rexerá polo establecido nas Condicións de uso da tarxeta regalo e polo establecido na cláusula 9 anterior.

11. ENTREGA INMEDIATA

De ser o caso de optar pola modalidade de entrega en tenda, mediante o noso servizo de “Instant Delivery”, o seu pedido poderá ser entregado na tenda por vostede seleccionada para a devandita entrega antes dos prazos indicados na nosa web. Para tal efecto, unha vez que o pedido estea preparado, poñerémonos en contacto con vostede para informalo de que está dispoñible para ser recollido. Vostede poderá recoller o pedido persoalmente (para o cal deberá presentar o número de pedido e o seu DNI) ou ben designar outra persoa para que recolla o pedido no seu nome, en cuxo caso, esta deberá presentar o número de pedido xunto co seu DNI (isto é, o DNI da persoa designada).

A venda de artigos a través do servizo de “Instant Delivery”, cando a recollida se leve a cabo en tendas ZARA, será realizada por ZARA ESPAÑA, S.A. sociedade española con domicilio en avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 929, sección xeral, folio 153, folla C-2751, inscrición 1ª e NIF A-15022510. Así mesmo, cando a recollida se leve a cabo en tendas Kiddy's Class, a venda será realizada por KIDDY'S CLASS ESPAÑA, S.A., sociedade española con domicilio en avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 1065, sección xeral, folio 119, folla C-4755, inscrición 1ª e NIF A-15388366.

Se vostede realiza unha compra a través do servizo de “Instant Delivery” seranlle igualmente de aplicación as presentes Condicións, sen prexuízo de calquera outra normativa que puidese resultar de aplicación.

12. PREVENDA DE ARTIGOS

Chegado o caso de realizar unha compra de artigos en prevenda, estes serán entregados no enderezo por vostede seleccionado e nos prazos indicados na nosa web.

Teña en conta que algúns destes artigos están suxeitos a prazos máis extensos de entrega, que serán os mostrados na páxina web e, en todo caso, serán entregados no prazo máximo de 30 días a partir da data de confirmación do pedido.

No caso de pedidos mixtos integrados por produtos correspondentes ao proceso de compra habitual e a produtos en prevenda (“Pedidos Mixtos”), os artigos terán sido encargados por vostede no mesmo pedido pero poderán ser entregados por separado e en prazos distintos.

Unha vez se preparen os produtos en prevenda, poñerémonos en contacto con vostede para informalo de que se van enviar (“Confirmación de Envío”).

Vostede ten dereito a desistir do contrato nun prazo de 14 días naturais sen necesidade de xustificación. No caso de Pedidos Mixtos, o prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais do día no que vostede ou un terceiro por vostede indicado, distinto do transportista, adquira a posesión material do último dos bens.

O anterior é sen prexuízo do dereito de desistencia de 30 días que lle asiste contractualmente contado dende a Confirmación de Envío que recibirá para cada un dos bens que poidan entregarse por separado no caso de Pedidos Mixtos.

Se vostede realiza unha compra dun produto en prevenda, aplicaráselle igualmente a totalidade de disposicións contidas nestas Condicións.

13. TRANSMISIÓN DO RISCO E A PROPIEDAD

Os riscos dos produtos serán ao seu cargo a partir do momento da súa entrega.

Vostede adquirirá a propiedade dos produtos cando recibamos o pagamento completo de todas as cantidades debidas en relación cos devanditos produtos, incluídos os gastos de envío, ou ben no momento da entrega (segundo a definición contida na cláusula 9 anterior), se esta tivese lugar nun momento posterior.

14. PREZO E PAGAMENTO

Os prezos da páxina web inclúen IVE, pero exclúen os gastos de envío, que se engadirán ao importe total debido segundo se expón na nosa Guía de Compra - Envío.

Os prezos poden cambiar en calquera momento, pero (agás o que se estableceu anteriormente) os posibles cambios non afectarán os pedidos dos que xa lle enviásemos unha Confirmación de Pedido.

Unha vez que seleccione todos os artigos que desexa comprar, estes engadiranse á súa cesta e o paso seguinte será tramitar o pedido e efectuar o pagamento. Para iso, deberá seguir os pasos do proceso de compra, enchendo ou comprobando a información que en cada paso se lle solicita. Así mesmo, durante o proceso de compra, antes de realizar o pagamento, poderá modificar os datos do seu pedido. Dispón dunha descrición detallada do proceso de compra na Guía de compra. Ademais, se é vostede un usuario rexistrado, dispón dun detalle de todos os pedidos realizados no apartado A miña conta.

Poderá utilizar como forma de pagamento as tarxetas Visa, Mastercard, American Express, Affinity Card, PayPal, Apple Pay, Android Pay e Bizum (suxeito á dispoñibilidade e operativa de cada entidade bancaria e á súa aplicación). Así mesmo, poderá pagar todo ou parte do prezo da súa compra cunha tarxeta regalo ou unha tarxeta aboamento emitida por Fashion Retail, S.A. Non obstante, se vostede realiza un pedido a través dalgún dos dispositivos electrónicos dispoñibles en determinadas tendas ZARA de España, poderá, nalgunhas delas, realizar tamén o pagamento mediante calquera das formas de pagamento dispoñibles nas devanditas tendas.

Informámolo de que Fashion Retail, S.A. con domicilio social en Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo, A Coruña (España) inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, vol. 3425, páxina 49, folla C47731 e con número de identificación fiscal A-70301981, realizará en nome de Zara España, S.A. os cobramentos e, de ser o caso, os reembolsos relacionados cos pagamentos que se realizaron a través desta páxina web.

Teña en conta que a opción 'Cambio de talla' unicamente estará dispoñible cando se empregue calquera das seguintes formas de pagamento: American Express, Affinity Card, MasterCard e VISA.

Ao facer clic en "Autorizar pagamento", está confirmando que a tarxeta de crédito é súa ou que é o lexítimo posuidor da tarxeta regalo ou da tarxeta aboamento.

Para minimizar o risco de acceso non autorizado, codificaranse os datos da súa tarxeta de crédito. As tarxetas de crédito estarán suxeitas a comprobacións e autorizacións por parte da entidade emisora, pero se a devandita entidade non autorizase o pagamento, non nos faremos responsables de ningún atraso ou falta de entrega e non poderemos formalizar ningún contrato con vostede.

15. COMPRA COMO CONVIDADO

Esta páxina web tamén permite a compra a través da funcionalidade de compra como convidado. Nesta modalidade de compra, solicitaránselle unicamente os datos imprescindibles para poder tramitar o seu pedido.

Unha vez finalizado o proceso de compra, ofreceráselle a posibilidade de rexistrarse como usuario ou continuar como usuario non rexistrado.

16. IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO E FACTURACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, a entrega dos artigos entenderase localizada no territorio de aplicación do IVE español se o enderezo de entrega está en territorio español, agás Canarias, Ceuta e Melilla. O

tipo de IVE aplicable será o legalmente vixente en cada momento en función do artigo concreto do que se trate.

Nos pedidos con destino a Canarias, Ceuta e Melilla, as entregas encontraranse exentas de IVE por aplicación do disposto no artigo 21 de Lei 37/1992, sen prexuízo da aplicación dos impostos e aranceis correspondentes conforme coa normativa vixente en cada un destes territorios. Vostede autorízanos expresamente a emitir a factura en soporte electrónico, se ben poderá indicarnos en calquera momento a súa vontade de recibir unha factura en soporte papel, en cuxo caso, emitiremos e remitiremos a factura no devandito formato. Poderá solicitalo contactando co noso servizo de atención ao cliente, a través de calquera dos medios postos á súa disposición e de xeito gratuíto.

17. POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

17.1 Dereito legal a desistir da compra

Dereito de desistencia

Se vostede está a contratar como consumidor e usuario, ten vostede dereito a desistir do presente contrato nun prazo de 14 días naturais sen necesidade de xustificación.

O prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais do día que vostede, ou un terceiro indicado por vostede, distinto do transportista, adquiriu a posesión material dos bens ou, en caso de que os bens que compoñen o seu pedido se entreguen por separado, aos 14 días naturais do día que vostede, ou un terceiro indicado por vostede, distinto do transportista, adquiriu a posesión material do último deses bens.

Para exercer o dereito de desistencia, deberá notificar a ZARA a través do enderezo avda. da Deputación s/n, Edificio INDITEX Polígono de Sabón, C.P. 15143, Arteixo (A Coruña); do teléfono 900 814 900; do chat dispoñible na páxina web; das redes sociais (Facebook e Twitter) ou de WhatsApp, a súa decisión de desistir do contrato mediante unha declaración inequívoca (por exemplo, unha carta enviada por correo postal ou electrónico). Poderá utilizar o modelo de formulario de desistencia que figura como anexo ás presentes Condicións, aínda que o seu uso non é obrigatorio. Para cumprir o prazo de desistencia, abonda con que a comunicación relativa ao exercicio pola súa banda deste dereito sexa enviada antes de que venza o prazo correspondente.

Consecuencias da desistencia

En caso de desistencia pola súa banda, devolverémolle todos os pagamentos recibidos de vostede, incluídos os gastos de entrega ata o enderezo de envío inicial (coa excepción dos gastos adicionais resultantes da elección pola súa parte dunha modalidade de entrega diferente á modalidade menos custosa de entrega ordinaria que ofrezamos) sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, como máximo 14 días naturais a partir da data na que nos informe da súa decisión de desistir do presente contrato. Procederemos a efectuar o devandito reembolso utilizando a mesma forma de pagamento empregada por vostede para a transacción inicial, salvo que vostede nos indique o contrario, detallando expresamente a forma de pagamento a través da cal desexa que realicemos a devolución. Non incorrerá en ningún gasto como consecuencia do reembolso. Non obstante o anterior, poderemos reter o reembolso ata recibir os bens, ou ata que vostede presente unha proba da súa devolución, segundo que condición se cumpra primeiro.

Deberá devolvernos vostede ou entregarnos directamente os produtos en calquera das tendas ZARA ou Kiddy's Class de España, ou solicitar no noso web a devolución a través dun mensaxeiro/courier, sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, nun prazo máximo de 14 días naturais a partir da data na que nos comunique a súa decisión de desistencia do contrato. Considerarase cumprido o prazo se efectúa a devolución dos bens antes de que conclúa o devandito prazo.

Salvo que realice a devolución dos bens nunha tenda ZARA ou Kiddy's Class de España, ou a través dun mensaxeiro/courier organizado por nós, deberá asumir vostede o custo directo de devolución dos bens.

Só vostede será responsable da diminución de valor dos bens resultante dunha manipulación distinta á necesaria para establecer a natureza, as características e o funcionamento dos bens.

17.2 Dereito contractual de desistencia

Ademais do dereito de desistencia recoñecido legalmente aos consumidores e usuarios e mencionado na cláusula 17.1 anterior, concedémoslle un prazo de 30 días contado dende a Confirmación de Envío para realizar devolucions dos produtos (agás dos mencionados na cláusula 17.3 seguinte, respecto dos que se exclúe o dereito de desistencia). A devolución da tarxeta regalo réxese polas Condicións de uso da tarxeta regalo.

En caso de que devolva os produtos dentro do prazo contractual do dereito de desistencia, pero unha vez transcorrido o prazo legal, reembolsaráselle unicamente o prezo pagado por tales produtos. Vostede farase cargo dos custos directos de devolución do produto cando non realice a devolución nunha das tendas ZARA ou Kiddy's Class de España ou través dun mensaxeiro/courier organizado por nós.

Vostede poderá exercitar o seu dereito de desistencia conforme co establecido na cláusula 17.1 anterior, se ben se nos comunica a súa intención de desistir do contrato transcorrido o prazo legal de desistencia deberá, en calquera caso, entregarnos os bens dentro do prazo de 30 días contado dende a Confirmación de Envío.

17.3 Disposicións comúns

Non terá vostede dereito a desistir do contrato cuxo obxecto sexa a subministración dalgún dos produtos seguintes:

- Artigos personalizados.
- CD/DVD de música precintados que fosen desprecintados tras a entrega.
- Bens precintados por razóns de saúde ou hixiene que foran desprecintados tras a entrega.

O seu dereito a desistir do contrato será de aplicación exclusivamente a aqueles produtos que se devolvan nas mesmas condicións en que vostede os recibiu. Non se fará ningún reembolso se o produto foi usado máis alá da súa mera apertura, de produtos que non estean nas mesmas condicións nas que se entregaron ou que sufriran algún dano, polo que deberá ser coidadoso co/s produto/s mentres estea/n na súa posesión. Por favor, devolva o artigo usando ou incluíndo

todos os seus envoltorios orixinais, as instrucións e resto de documentos que no seu caso o acompañen.

Poderá realizar as devolucións en calquera tenda ZARA ou Kiddy's Class de España ou a través dun mensaxeiro/courier que enviaremos ao seu domicilio.

Devolucións en tenda ZARA ou Kiddy's Class:

Poderá devolvernollos os produtos en calquera das nosas tendas ZARA ou Kiddy's Class en España que dispoñan da mesma sección da mercadería que desexa devolver. Neste caso, deberá acudir a calquera das devanditas tendas e entregar, xunto co artigo, o ticket electrónico que recibiu incluído na Confirmación de envío, que tamén se conserva na súa conta da páxina web e na aplicación móbil de Zara. Vostede pode presentar o ticket electrónico mostrándoo en forma dixital a través da pantalla do seu dispositivo móbil ou levándoo impreso á tenda.

Devolucións a través de mensaxeiro/courier:

Debe poñerse en contacto connosco a través da nosa solicitude de devolución para que poidamos organizar a recollida no seu domicilio. Deberá entregar a mercadería no mesmo paquete que a recibiu, segundo as instrucións que encontrará no apartado "DEVOLUCIÓN" nesta páxina web. Se vostede realizou unha compra como convidado, poderá solicitar as devolucións a través de mensaxeiro/courier, chamando o teléfono 900 814 900.

Ningunha das dúas opcións supoñerá un custo adicional para vostede.

En caso de que non desexe devolver os produtos a través dalgunha das opcións gratuítas dispoñibles, vostede será responsable dos custos de devolución. Por favor, teña en conta que se vostede decide devolvernollos os artigos a portes debidos estaremos autorizados a cargarlle os gastos nos que poidamos incurrir. As devolucións dos pedidos realizados por medio dos dispositivos electrónicos dispoñibles en determinadas tendas ZARA de España e aboados na caixa da propia tenda deberán realizarse en todo caso nas tendas ZARA ou Kiddy's Class de España.

Teña en conta que, despois de producirse a entrega do pedido, en caso de exercer o dereito legal ou contractual de desistencia, cando sexa vostede quen organice o transporte deste, sen que polo tanto o dito servizo fose ofrecido por nós, non poderemos asumir o risco sobre o paquete de devolución cando se refira a causas non imputables a ZARA.

Tras examinar o artigo, comunicarémollos se ten dereito ao reembolso das cantidades aboadas. O reembolso dos gastos de transporte unicamente se realizará cando o dereito de desistencia se exerza dentro do prazo legal e se devolvan todos os artigos que compoñen o pedido en cuestión. O reembolso efectuarase o antes posible e, en calquera caso, dentro do prazo de 14 días dende a data en que vostede nos comunicou a súa intención de desistir. Non obstante, poderemos reter o reembolso ata recibir os bens, ou ata que vostede presente unha proba da devolución dos bens, segundo que condición se cumpra primeiro. O reembolso efectuarase sempre na mesma forma de pagamento que vostede utilizou para pagar a compra, agás cando para a devolución se presente un ticket regalo. Neste último caso, o reembolso realizarase mediante unha tarxeta ou un ticket aboamento. Vostede asumirá o custo e risco de devolvernollos os produtos, tal e como se

indicou anteriormente. Se ten algunha dúbida, pode poñerse en contacto con nós a través das nosas vías de contacto ou chamando ao teléfono 900 814 900.

Se recibimos un artigo fóra do prazo estipulado, en mal estado, con contido erróneo (por exemplo, artigos que non sexan Zara) ou que, en definitiva, non reúna as características para poder desistir do contrato, non terá dereito ao reembolso de cantidades. Poñerémonos en contacto con vostede e, se transcorridos dous (2) meses dende que poñamos o artigo á súa disposición, non o recolleu ou negouse a recibilo, non nos faremos responsables deste e terase por abandonado.

Estaremos autorizados a repercutirle os custos correspondentes no caso de poder xestionar a devolución do paquete á súa atención.

Quedan, en todo caso, a salvo os dereitos e accións recoñecidos pola lexislación vixente.

17.4 Devolucións en Canarias, Ceuta e Melilla

Se desexa cambiar ou devolver un produto que se entregara en Canarias, Ceuta ou Melilla, poderá facelo acudindo en persoa a calquera tenda ZARA ou Kiddy's Class, conforme co mencionado na presente cláusula. Se non fose posible proceder así, deberá poñerse en contacto connosco no número de teléfono 900 814 900 para convir connosco ou con algún representante noso a recollida do produto por un mensaxeiro ou ben realizar a devolución ao seu propio custo.

17.5 Cambio de talle

Nos casos nos que vostede considere que o talle do produto adquirido non se axusta ás súas necesidades, e sen prexuízo do dereito de desistencia que lle asiste legal e contractualmente, poderá solicitar o cambio de talle na sección "Pedidos e devolucións" do apartado "A miña conta" desta páxina web, nun prazo de 30 días dende a Confirmación de Envío, e seleccionar o talle polo que desexa cambiar o primeiro produto adquirido, sempre que (i) se trate do mesmo produto, (ii) presente un importe igual ou superior ao primeiro produto adquirido (neste caso, a diferenza de prezo non lle será repercutida), e (iii) se empregasen certas formas de pagamento (para máis información consulte a Cláusula 14 destes Termos e Condicións). Teña en conta que esta opción unicamente se mostrará cando se cumpran as anteriores condicións.

Unha vez solicitado o cambio de talle e seleccionado o método de entrega de entre os que se indican a continuación, vostede deberá entregar o produto (i) en calquera das tendas ZARA de España ou

(ii) a

través dun mensaxeiro/courier que enviaremos ao seu domicilio. Deberá, en todo caso, entregar o produto sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, nun prazo máximo de 14 días naturais contados a partir da Solicitud do Cambio na páxina web. Ningunha das dúas opcións supoñerá un custo adicional para vostede.

No caso de entregas en calquera das tendas ZARA de España, deberá entregar xunto co artigo o ticket electrónico que recibise incluído na Confirmación de Envío, que tamén se conserva na súa conta da páxina web e na aplicación móbil de Zara, e deberá presentalo mostrándoo en forma

dixital a través da pantalla do seu dispositivo móbil ou levándoo impreso. No caso das entregas a través de mensaxeiro/courier organizado por nós, deberá entregar a mercadoría no mesmo paquete no que a recibiu, seguindo as instrucións que atopará no apartado “Pedidos e devolucións” nesta páxina web.

Tanto se vostede seleccionou a entrega en calquera das tendas ZARA de España ou a través dun mensaxeiro/courier que enviaremos ao seu domicilio, faremoslle chegar o novo pedido consistente no produto cuxo talle vostede seleccionase de novo no prazo de 2-3 días laborables dende a solicitude do cambio e, en todo caso, no prazo máximo de 30 días contados a partir da devandita data. Esta opción non supoñerá un custo adicional para vostede. Este novo pedido rexeráse polo disposto nas Condicións de Compra, incluíndo o relativo ao exercicio do dereito de desistencia.

Recorde que, unha vez transcorridos 14 días dende a Solicitude do Cambio na páxina web, sen que vostede devolvese a través dos medios que ZARA pon á súa disposición o produto adquirido en primeiro lugar, estaremos autorizados a repercutirlle os custos correspondentes ao novo pedido efectuado, con suxeición ao disposto nas Condicións de Compra.

17.6 Devolucións de produtos defectuosos

Nos casos nos que vostede considere que no momento da entrega o produto non se axusta ao estipulado no contrato, deberá poñerse en contacto connosco de forma inmediata por medio do noso formulario de contacto facilitando os datos do produto así como do dano que sofre, ou ben chamando por teléfono ao número 900 814 900, no que lle indicaremos a forma de proceder.

O produto poderao devolver en calquera das nosas tendas ZARA ou Kiddy's Class en España ou entregándoo a un mensaxeiro que enviaremos ao seu domicilio ao solicitar a recollida.

Procederemos a examinar detidamente o produto devolto e comunicarlle por correo electrónico dentro dun prazo razoable se procede o reembolso ou a substitución do produto (no seu caso). O reembolso ou a substitución do artigo efectuarase o antes posible e, en calquera caso, dentro dos 14 días seguintes á data na que lle enviemos un correo electrónico que confirme que procede o reembolso ou a substitución do artigo non conforme.

As cantidades pagadas por aqueles produtos que sexan devoltos a causa dalgunha tara ou defecto, cando realmente exista, seranlle reembolsadas integramente, incluídos os gastos de entrega incorridos para entregarlle o artigo e os custos en que vostede incorrese para devolvérvolo a nós. A devolución efectuarase na mesma forma de pagamento que se utilizou para pagar a compra, agás cando para a devolución se presente un ticket regalo. Neste último caso, o reembolso realizarase mediante unha tarxeta ou un ticket aboamento de ZARA emitido por Fashion Retail, S.A.

Quedan en calquera caso a salvo os dereitos recoñecidos pola lexislación vixente.

17.7 Dereito de desistencia e devolución de pedidos dende o estranxeiro.

Se realizou un pedido a través desta páxina web dende un Estado membro da Unión Europea distinto de España, as cláusulas 17.1, 17.2, 17.3, 17.4 e 17.5 anteriores aplicaranse coa restrición de que a devolución a través dun mensaxeiro/courier organizado por nós só se poderá realizar dende o enderezo de entrega orixinal en España.

Así mesmo, informámolo de que, baixo ningunha circunstancia, (coa excepción do previsto na cláusula

17.6 á que a presente cláusula 17.7 non resulta aplicable) estaremos obrigados a reembolsarlle gastos de envío distintos aos incorridos ata o enderezo de entrega orixinal en España ou gastos de devolución dende un destino que se atope fóra do territorio español.

18. ZARA EDITED

ZARA EDITED. Esta páxina web contén unha sección específica ZARA EDITED, onde, conforme ás presentes condicións e as indicacións da devandita sección, se poderán personalizar determinados produtos mediante a inclusión de textos e caracteres seleccionados por vostede. Na devandita sección poderá atopar máis información relativa ao devandito servizo.

Vostede debe ter en conta que, debido a razóns técnicas ou doutro tipo alleas á nosa vontade, as cores, texturas e tamaños reais poden variar respecto dos mostrados na súa pantalla. Así mesmo, vostede

debe ter en conta que, por tratarse de pezas personalizadas, non será posible devolver nin cambiar os produtos personalizados.

Vostede garante que está autorizado para usar os textos e o resto de elementos que formen parte da personalización dos produtos. Se ben nos reservamos o dereito a rexeitar a súa personalización ou a cancelar pedidos de produtos personalizados por incumprimento destas condicións, vostede será o único responsable da personalización que solicite. Poderemos rexeitar a súa personalización ou cancelar pedidos de produtos personalizados no caso de que detectemos que a personalización consiste en, ou inclúe, elementos inapropiados, propiedade de terceiros ou de calquera outro modo ilícitos.

Non asumimos obriga de verificar os textos, nin asumimos responsabilidade polos textos ou outros elementos que formen parte da personalización creada polos usuarios deste servizo. Non garantimos a licitude dos devanditos textos, ou outros elementos, e, en consecuencia, non asumimos responsabilidade ningunha polos danos ou prexuízos que puidesen derivarse para calquera usuario ou calquera outro terceiro, sexan particulares, sexan entidades públicas ou privadas, derivados directa ou indirectamente do uso da sección ZARA EDITED ou que garden calquera tipo de relación directa ou indirecta coa devandita personalización ou os seus produtos.

19. GARANTÍAS

Se vostede contrata como consumidor e usuario, ten dereito a medidas correctoras, de forma gratuíta, en caso de falta de conformidade dos bens. Ofrecémoslle garantías sobre os produtos que comercializamos a través desta páxina web, nos termos legalmente establecidos para cada tipo de produto, respondendo, polo tanto, pola falta de conformidade destes que se manifeste nun prazo de tres anos dende a entrega do produto.

Enténdese que os produtos son conformes co contrato sempre que (i) se axusten á descrición realizada por nós e posúan as calidades que presentásemos nesta páxina web, (ii) sexan aptos para os usos a que ordinariamente se destinan os produtos do mesmo tipo e (iii) presenten a calidade e prestacións habituais dun produto do mesmo tipo que sexan fundamentalmente esperables. Neste sentido, se algún dos produtos non fose conforme co contrato, vostede deberá comunicárnolo seguindo o procedemento detallado no apartado 17.6 anterior e a través de calquera dos medios de comunicación previstos para o efecto.

Os produtos que vendemos, especialmente os produtos de artesanía, a miúdo poden presentar as características dos materiais naturais que se utilizan na súa fabricación. Estas características, tales como variación nas vetas, na textura, nos nós e na cor, non terán a consideración de defectos ou taras. Ao contrario, debería contarse coa súa presenza e aprecialas. Unicamente

seleccionamos os produtos da máxima calidade, pero as características naturais son inevitables e deben ser aceptadas como parte da aparencia individual do produto.

A nosa garantía comercial non afectará os dereitos que ten recoñecidos pola lexislación vixente.

20. RESPONSABILIDADE E EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

Salvo que expresamente se dispoña o contrario nas presentes Condicións, a nosa responsabilidade en relación con calquera produto adquirido na nosa páxina web estará limitada estritamente ao prezo de compra do devandito produto.

Non obstante, e salvo disposición legal en sentido contrario, non aceptaremos ningunha responsabilidade polas seguintes perdas, con independencia da súa orixe:

- (i) perdas de ingresos ou vendas;
- (ii) perda de negocio;
- (i) (iii) lucro cesante ou perda de contratos;
- (iv) perda de aforros previstos;
- (v) perda de datos; e
- (vi) perda de tempo de xestión ou de horario de oficina.

Debido á natureza aberta desta páxina web e á posibilidade de que se produzan erros na almacenaxe e transmisión de información dixital, non garantimos a precisión e seguridade da información transmitida ou obtida por medio desta páxina web a non ser que se estableza expresamente o contrario nela.

21. PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

Vostede recoñece e consente que todo copyright, marca rexistrada e resto de dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os materiais ou contidos que se achegan como parte da páxina web nos corresponden en todo momento a nós ou aos que nos outorgaron licenza para o seu uso. Vostede poderá facer uso do devandito material unicamente na forma en que llo autoricemos expresamente nós ou os que nos outorgaron licenza para o seu uso. Isto non lle impedirá utilizar esta páxina web na medida necesaria para copiar a información sobre o seu pedido ou datos de Contacto.

22. VIRUS, PIRATARÍA E OUTROS ATAQUES INFORMÁTICOS

Vostede non debe realizar un uso indebido desta páxina web mediante a introdución intencionada nela de virus, troianos, vermes, bombas lóxicas ou calquera outro programa ou material tecnoloxicamente prexudicial ou daniño. Vostede non tratará de ter acceso non autorizado a esta páxina web, ao servidor no que a devandita páxina se encontra aloxada ou a calquera servidor, ordenador ou base de datos relacionada coa nosa páxina web. Vostede comprométese a non atacar esta páxina web a través dun ataque de denegación de servizo ou dun ataque de denegación de servizo distribuído.

O incumprimento desta cláusula podería implicar a comisión de infraccións tipificadas pola normativa aplicable. Informaremos de calquera incumprimento da devandita normativa as autoridades competentes e cooperaremos con elas para descubrir a identidade do atacante. Así mesmo, en caso de incumprimento da presente cláusula, deixará inmediatamente de estar autorizado a usar esta páxina web.

Non seremos responsables de calquera dano ou perda resultante dun ataque de denegación de servizo, virus ou calquera outro programa ou material tecnoloxicamente prexudicial ou daniño que poida afectar ao seu ordenador, equipo informático, datos ou materiais como consecuencia do uso desta páxina web ou da súa descarga de contidos dela ou aos que esta redirixa.

23. LIGAZÓNS DENDE A NOSA PÁXINA WEB

No caso de que a nosa páxina web conteña ligazóns a outras, ademais de materiais de terceiros, as devanditas ligazóns facilitaranse unicamente para efectos informativos, sen que nós teñamos ningún control sobre o contido das devanditas páxinas web ou materiais. Polo tanto, non aceptamos ningunha responsabilidade por calquera dano ou perda derivados do seu uso.

24. COMUNICACIÓNS POR ESCRITO

A normativa aplicable esixe que parte da información ou comunicacións que lle enviemos sexan por escrito. Mediante o uso desta páxina web, vostede acepta que a maior parte das devanditas comunicacións connosco sexan electrónicas. Poñerémonos en contacto con vostede por correo electrónico ou

facilitarémolle información colgando avisos nesta páxina web. Para os efectos contractuais, vostede consente en usar este medio electrónico de comunicación e recoñece que todo contrato, notificación, información e resto de comunicacións que lle enviemos de forma electrónica cumpren os requisitos legais de ser por escrito. Esta condición non afectará os seus dereitos recoñecidos por lei.

25. NOTIFICACIONES

As notificacións que vostede nos envíe deberán facerse chegar a través do teléfono 900 814 900, do chat dispoñible na páxina web, das redes sociais (Facebook e Twitter) ou de WhatsApp. Conforme o disposto na cláusula 24 anterior e agás que se estipule o contrario, poderémolle enviar comunicacións ben ao correo electrónico ou ben ao enderezo postal facilitado por vostede á hora de realizar un pedido.

Entenderase que as notificacións foron recibidas e foron correctamente feitas no mesmo instante en que se publiquen na nosa páxina web, 24 horas despois de enviar un correo electrónico, ou tres días despois da data de franqueo de calquera carta. Para probar que a notificación se fixo, será suficiente con probar, no caso dunha carta, que tiña o enderezo correcto, estaba correctamente selada e que foi debidamente entregada en Correos ou nunha caixa de correo e, no caso dun correo electrónico, que este foi enviado ao enderezo de correo electrónico especificado polo receptor.

26. CESIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS

O contrato é vinculante tanto para vostede coma para nós, así como para os nosos respectivos sucesores, cesionarios e habentes causa. Vostede non poderá transmitir, ceder, gravar ou, de calquera outro xeito, transferir un contrato ou algún dos dereitos ou obrigas derivados deste, sen obter o noso consentimento previo por escrito.

Podemos transmitir, ceder, gravar, subcontratar ou, de calquera outro xeito, transferir un contrato ou algún dos dereitos ou obrigas derivados deste, en calquera momento durante a súa vixencia. Para evitar calquera dúbida, as devanditas transmisións, cesións, gravames ou outras transferencias non afectarán os dereitos que, se é o caso, vostede, como consumidor, ten

recoñecidos por lei nin anularán, reducirán ou limitarán de calquera outra forma as garantías, tanto expresas coma tácitas, que lle puidésemos outorgar.

27. ACONTECEMENTOS FÓRA DO NOSO CONTROL

Non seremos responsables por ningún incumprimento ou atraso no cumprimento dalgunha das obrigas asumidas, cando este se deba a acontecementos que están fóra do noso control razoable ("Causa de Forza Maior").

As Causas de forza maior incluírán calquera acto, acontecemento, falta de exercicio, omisión ou accidente que estea fóra do noso control razoable e entre outros, os

seguintes:

- a. Folgas, peches patronais ou outras medidas reivindicativas.
- b. Conmoción civil, revolta, invasión, ameaza ou ataque terrorista, guerra (declarada ou non) ou ameaza ou preparativos de guerra.
- c. Incendio, explosión, tormenta, inundación, terremoto, afundimento, epidemia ou calquera outro desastre natural.
- a. d. Imposibilidade de uso de trens, barcos, avións, transportes de motor ou outros medios de transporte, públicos ou privados.
- e. Imposibilidade de utilizar sistemas públicos ou privados de telecomunicacións.
- f. Actos, decretos, lexislación, normativa ou restricións de calquera goberno ou autoridade pública. Entenderase que as obrigas quedarán suspendidas durante o período en que a

Causa de Forza

Maior continúe, e dispoñeremos dunha ampliación no prazo para cumprir as devanditas obrigas por un período de tempo igual ao que dure a Causa de Forza Maior. Poñeremos todos os medios razoables para que finalice a Causa de Forza Maior ou para encontrar unha solución que nos permita cumprir as nosas obrigas malia a Causa de Forza Maior.

28. RENUNCIA

A falta de requirimento pola nosa banda do cumprimento estrito pola súa banda dalgunha das obrigas asumidas por vostede en virtude dun contrato ou das presentes Condicións ou a falta de exercicio pola nosa parte dos dereitos ou accións que nos puidesen corresponder en virtude do devandito contrato ou das Condicións, non supoñerá renuncia nin limitación ningunha en relación cos devanditos dereitos ou accións nin lle exonerará a vostede de cumprir tales obrigas.

Ningunha renuncia pola nosa banda a un dereito ou acción concreta supoñerá unha renuncia a outros dereitos ou accións derivados dun contrato ou das Condicións. Ningunha renuncia pola nosa banda a algunha das presentes Condicións ou aos dereitos ou accións derivados dun contrato terá efecto, a non ser que se estableza expresamente que é unha renuncia e se formalice e se lle comunique a vostede por escrito de conformidade co disposto no apartado de Notificacións anterior.

29. NULIDADE PARCIAL

Se algunha das presentes Condicións ou algunha disposición dun Contrato fose declarada nula e sen efecto por resolución firme ditada por autoridade competente, os restantes termos e condicións permanecerán en vigor, sen que queden afectados pola devandita declaración de nulidade.

30. ACORDO COMPLETO

As presentes Condicións e todo documento a que se faga referencia expresa nelas constitúen o acordo íntegro existente entre vostede e nós en relación co obxecto delas e substitúen calquera outro pacto, acordo ou promesa anterior convida entre vostede e nós verbalmente ou por escrito.

Vostede e nós recoñecemos consentir a celebración dun contrato sen confiar en ningunha declaración ou promesa feita pola outra parte ou que puidese inferirse de calquera declaración ou escrito nas negociacións establecidas polos dous antes del, agás aquilo que figura expresamente mencionado nas presentes Condicións.

Nin vostede nin nós dispoñeremos de acción fronte a calquera declaración incerta realizada pola outra parte, verbal ou escrita, con anterioridade á data dun contrato (agás que se tivese feito tal declaración incerta de forma fraudulenta) e a única acción de que dispoñerá a outra parte será por incumprimento de contrato de conformidade co disposto nas presentes Condicións.

31. O NOSO DEREITO A MODIFICAR ESTAS CONDICIÓNS

Reservamos a facultade de modificar os Termos e condicións. As modificacións introducidas non serán de carácter retroactivo.

Se vostede non está de acordo coas modificacións introducidas, recomendámoslle non facer uso da nosa páxina web.

32. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

O uso da nosa páxina web e os contratos de compra de produtos a través a devandita páxina web rexeranse pola lexislación española.

Calquera controversia que xurda ou garde relación co uso da páxina web ou cos devanditos contratos será sometida á xurisdición non exclusiva dos xulgados e tribunais españois.

Se vostede está a contratar como consumidor, nada na presente cláusula afectará os dereitos que como tal lle recoñece a lexislación vixente.

33. COMENTARIOS, SUXESTIÓNS, QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

Os seus comentarios e suxestións serán ben recibidos. Pregámoslle que nos envíe tales comentarios, suxestións e consultas a través das nosas vías de contacto ou do enderezo postal indicado na cláusula 2 destas Condicións. Ademais, temos follas oficiais de reclamación á disposición dos consumidores e usuarios. Pode solicialas chamando ao teléfono 900 814 900 ou a través das nosas vías de contacto.

Así mesmo, poderá enviar as súas queixas e reclamacións a través das nosas vías de contacto ou do correo electrónico info-es@zara.com, que serán atendidas polo noso servizo de atención ao cliente no prazo máis breve posible e, en todo caso, no prazo legalmente establecido. Así mesmo, quedarán rexistradas cunha clave identificadora que lle comunicaremos e lle permitirá facer o seguimento delas.

Se vostede como consumidor considera que os seus dereitos foron vulnerados, pode dirixirnos as súas queixas a través do enderezo de correo electrónico info-es@zara.com co fin de solicitar unha solución extraxudicial de controversias.

Neste sentido, se a adquisición entre vostede e nós se realizou online a través do noso sitio web, de acordo co Regulamento núm. 524/2013 da UE, informámolo de que vostede ten dereito a solicitar connosco unha resolución extraxudicial de controversias en materia de consumo accesible a través do enderezo de Internet <http://ec.europa.eu/consumers/odr/>.

34.CONTACTO

Teña en conta que o correo electrónico info-es@zara.com se habilita para os efectos de permitir o acceso doado e directo aos datos identificadores de ZARA ESPAÑA, S.A. como sociedade comercializadora dos bens, así como coa finalidade de que vostede poida presentar as queixas ou reclamacións que considere oportunas.

Para o envío de comentarios, suxestións, consultas ou calquera outra cuestión distinta ao anteriormente exposto, vostede poderá acceder ás nosas vías de contacto habituais, isto é, o número de teléfono 900 814 900, o chat dispoñible na páxina web, as redes sociais (Facebook e Twitter) ou WhatsApp.

Para máis información, consulte a sección “Contacto” da páxina web.

Última actualización: 28/12/2022

**Modelo de formulario de desistencia (Só debe cubrir e enviar este
formulario se desexa desistir do contrato)**

Á atención de ZARA España, S.A. actuando baixo o nome comercial ZARA, con domicilio en Avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), España e correo electrónico info-es@zara.com.

Pola presente comunícolle que desisto do meu contrato de venda do seguinte ben:

Pedido o/recibido o (*):

Nome do consumidor:

Enderezo do consumidor:

Sinatura do consumidor (só se este formulario se presenta en papel)

Data:

(*) Risque o que non proceda

TERMOS E CONDICIÓNNS DE USO DAS FUNCIONALIDADES DA APLICACIÓN “ZARA”

Estes termos e condicións (en diante, as “Condicións”) regulan, con carácter específico e adicional, as Condicións de uso e compra de www.zara.com, o acceso e o uso dos servizos e as diferentes funcionalidades dispoñibles na aplicación (tal e como esta se definirá a continuación) da marca ZARA. Como parte das prestacións da aplicación encóntrase: (i) a posibilidade de adquirir produtos a través da aplicación sendo considerada unha compra en Tenda Online e, polo tanto, suxeita ás Condicións de uso e compra de www.zara.com; (ii) a posibilidade de xestionar pagamentos nas compras (en diante, “Wallet”) que realice nas tendas físicas de ZARA (en diante, e segundo cal sexa a referencia que corresponda, a “Tenda Física” ou as “Tendas Físicas”); (iii) a xestión dos tickets das compras realizadas nas tendas online de ZARA (en diante, “Tenda Online”) e que ambas as dúas son operadas en España pola sociedade Zara España, S.A.U., (NIF A-15022510) con domicilio en Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo, 15143, A Coruña; (iv) así como a posibilidade de obter o ticket electrónico ou xustificante de compra electrónico, mostrando nas Tendas Físicas de ZARA o QR exclusivo para o devandito fin.

1. DESCRICIÓN XERAL DO SERVIZO

1.1. Adquisición de produtos en www.zara.com a través da aplicación

A aplicación permítelles aos clientes adquirir produtos a través dela en www.zara.com; polo tanto, ten consideración de compra en Tenda Online, quedando suxeita ás Condicións de uso e compra de www.zara.com, as cales deberá aceptar no momento da compra.

1.2. Funcionalidade Wallet

Mediante uso da funcionalidade Wallet, poderá:

- i. **Ter acceso aos tickets electrónicos** relativos ás súas compras en Tendas físicas naqueles casos en que inicie o pagamento con Wallet ou os solicítase ou xerase conforme o que se indica nos apartados (iv) e (v) seguintes. Así mesmo, terá acceso aos tickets electrónicos da Tenda Online;
- ii. **Xestión de tarxetas de pagamento e tarxetas regalo:** permite engadir as tarxetas que se utilizarán para realizar o pagamento que se inicie utilizando Wallet en Tendas físicas. En caso de que xa existan tarxetas gardadas mediante a opción de compra rápida da venda online, estas estarán dispoñibles de forma automática para facilitar a súa activación como tarxeta para o pagamento mediante Wallet.

Ao incluír os datos dunha tarxeta nova, vostede nos autoriza a comprobar a validez das súas tarxetas e tarxetas regalo cuxos datos desexe almacenar, o que inclúe a posibilidade de que para iso se realice un cargo na súa tarxeta a través do sistema de seguridade de micropagamento.

No seu caso, o importe do devandito micropagamento seralle reembolsado no prazo máximo dun mes dende a súa data de realización. Ademais de xestionar as propias tarxetas en función dos mecanismos de seguridade habilitados no dispositivo onde se executa a aplicación, Wallet poderá solicitarlle xerar un contrasinal asociado a elas.

- iii. Inicio de pagamentos mediante Wallet:** para xestionar o pagamento con Wallet nas Tendas físicas habilitadas para o efecto, deberá seguir as instrucións facilitadas polo persoal da tenda correspondente.

En todo caso, teña en conta que, para iniciar o pagamento a través de Wallet, vostede deberá presentar o código QR xerado pola aplicación para a súa comprobación polo persoal e lectura polos medios técnicos habilitados na zona de caixa da Tenda Física.

En función dos mecanismos de seguridade habilitados no dispositivo onde se executa a aplicación, Wallet poderá solicitar a introdución do contrasinal Wallet para poder xerar o código QR que permite xestionar o pagamento.

Nos pagamentos iniciados a través de Wallet vostede toma nota e acepta que se lle facilitará un ticket electrónico e que non se lle fará entrega de ticket en soporte papel. Cando inicie un pagamento a través de Wallet nunha Tenda Física, este cargarase na tarxeta que vostede seleccione no Servizo ao iniciar o pagamento.

A entrega dos artigos realízase no momento no que vostede autoriza o inicio do pagamento da súa compra, mediante a presentación ao persoal da tenda do código QR e a lectura do devandito código polos medios técnicos habilitados na zona de caixa da Tenda Física.

A compra cuxo pagamento vostede inicie a través de Wallet rexerese en todo caso polas condicións de compra da Tenda Física correspondente. Por iso, calquera reclamación relacionada co contrato entre vostede e a Tenda Física correspondente deberá dirixila a Zara España, S.A.U. ou, de resultar de aplicación no caso concreto, por exemplo, por realizarse en tendas físicas situadas en países distintos a España, ante a sociedade que segundo o caso correspondese. Wallet é un servizo gratuíto.

Non obstante, o emisor da súa tarxeta podería cobrar comisións polos pagamentos realizados con ela. Consulte os termos do contrato co emisor da súa tarxeta para máis información. Así mesmo, o seu operador de servizos de telecomunicacións podería cobrar polo uso da rede de telecomunicacións a través da que vostede accede a Wallet.

Consulte os termos do contrato co seu provedor de rede para máis información. Unicamente poderá utilizar Wallet para iniciar pagamentos nos establecementos indicados. O uso de Wallet para outros fins está estritamente prohibido.

Reservamos, por tanto, o dereito a eliminalo como usuario e, para tal efecto, cancelar a súa conta e esixir as responsabilidades pertinentes ao usuario que realice un uso indebido ou fraudulento del ou incumpra as normas e procedementos contidos nas presentes Condicións Wallet ou outros textos legais aplicables a Wallet, á aplicación ou ao Servizo.

- iv. **Escaneamento de tickets:** partindo dun ticket en formato papel pódese xerar unha copia dixital do devandito ticket mediante o escaneamento dun código QR que se encontra impreso no ticket. A partir dese momento, vostede poderá facer devolucións nas Tendas Físicas usando o devandito ticket, nos termos e condicións que en cada momento sexan de aplicación, segundo a política comercial de ZARA e, en todo caso, de conformidade coa legalidade vixente.
- v. **Obtención do ticket electrónico:** ao realizar o pagamento dunha compra nas Tendas Físicas poderá solicitar recibir un ticket en formato electrónico. Para iso, deberá mostrar o código QR que aparecerá na aplicación para tal fin e enviaráselle o ticket automaticamente á aplicación.

A partir dese momento, vostede poderá facer cambios ou devolucións nas Tendas Físicas usando o devandito ticket, nos termos e condicións que en cada momento sexan de aplicación, segundo a política comercial de ZARA e, en todo caso, de conformidade coa legalidade vixente.

Neste caso, non se lle fará entrega de ticket en soporte papel. **Polo tanto, é esencial que entenda que mediante a utilización deste QR vostede solicita expresamente a emisión do ticket dixital ou xustificante de compra en formato dixital, renunciando polo tanto a recibilo en papel. En calquera caso, poderá solicitar o ticket en papel sempre que o considere, poñéndose en contacto co noso servizo de Atención ao Cliente, a través de calquera dos medios de comunicación publicitados no sitio web de ZARA.**

En calquera caso, respecto de calquera das funcionalidades de Wallet, resultará sempre de aplicación preferente a normativa reguladora sobre tickets electrónicos, ou calquera outra que resulte de aplicación, e á que estas Condicións quedan sometidas.

Se decidise darse de baixa como usuario, ten á súa disposición a opción de solicitar durante o proceso de tramitación da devandita baixa que se lle remitan todos os tickets almacenados na aplicación ao correo electrónico que para tal efecto nos indique.

1.3. Funcionalidade específica para obter ticket electrónico por compras en Tendas Físicas

Se vostede é un usuario rexistrado e, polo tanto, ten instalada a aplicación, pero non desexa rexistrar ningunha tarxeta de pagamento (propia da funcionalidade Wallet), apareceralle automaticamente na aplicación un código QR exclusivo para poder recibir o ticket electrónico e xustificantes de pagamento electrónicos na aplicación.

Mediante a utilización deste QR vostede solicita expresamente a emisión do ticket dixital ou xustificante de compra en formato dixital, renunciando por tanto a recibilo en papel. En calquera caso, poderá solicitar o ticket en papel sempre que o considere, poñéndose en contacto co noso servizo de Atención ao Cliente, a través de calquera dos medios de comunicación publicitados no sitio web de ZARA.

2. DISPOÑIBILIDADE DOS SERVIZOS OFRECIDOS POLA APLICACIÓN

Sempre respectando a lexislación aplicable, reservamos o dereito a modificar, suspender ou eliminar, en calquera momento, á súa enteira discreción e sen previo aviso, con carácter xeral ou en particular para un ou máis usuarios, calquera ou a totalidade das funcionalidades da aplicación de ZARA, así como a modificar, suspender ou eliminar, nos mesmos termos, a dispoñibilidade da totalidade ou parte do Servizo.

3. RESPONSABILIDADE

Agás naqueles supostos nos que legalmente se limite a exclusión de responsabilidade, non somos responsables dos danos que puidesen derivarse para vostede do uso da aplicación de ZARA nas súas distintas funcionalidades.

Vostede comprométese a utilizar a aplicación de ZARA unicamente para os propósitos para os que está concibida e, polo tanto, a non realizar un uso indebido ou fraudulento, polo que é responsable fronte á Sociedade ou calquera terceiro dos danos que puidesen derivarse dun uso indebido desta.

Vostede será responsable nos seguintes supostos:

- a) cando, se for o caso, o seu equipo ou terminais asociados á aplicación, tarxetas SIM, enderezos de correo electrónico ou calquera dos contrasinais fosen utilizados por un terceiro autorizado por vostede sen o noso coñecemento.

- b) cando se produzan erros ou fallos na utilización das distintas funcionalidades da aplicación por vostede como consecuencia dun funcionamento defectuoso do seu hardware, software, dispositivos ou terminais ou por non implantar os mecanismos de seguridade necesarios no dispositivo no que se execute a aplicación.

4. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL, INDUSTRIAL E OUTROS DEREITOS DA APLICACIÓN.

Calquera dos elementos que formen parte da aplicación ou de Wallet ou estean incluídos en calquera delas son propiedade ou se encontran baixo o control da Sociedade ou de terceiros que autorizaron a súa utilización. A todo iso, no seu conxunto, denominaráselle, a partir deste momento, a “Propiedade”.

O usuario comprométese a non retirar, suprimir, alterar, manipular nin, en modo ningún, modificar:

- Aquelas notas, lendas, indicacións ou símbolos que ben a Sociedade ou os lexítimos titulares dos dereitos incorporen ás súas propiedades en materia de propiedade intelectual ou industrial (como por exemplo, copyright, ©, ® e TM, etc.).

- Os dispositivos técnicos de protección ou identificación que poida conter a Propiedade (como por exemplo, marcas de auga, pegadas dixitais, etc.). O usuario reconece que, en virtude das presentes Condicións, a Sociedade non cede nin transfere ao usuario ningún dereito sobre a súa Propiedade ou sobre calquera propiedade de terceiras partes.

A Sociedade só autoriza ao usuario o seu acceso e uso de conformidade cos termos indicados nas presentes Condicións.

Os usuarios non están autorizados para copiar, distribuír (incluíndo correos electrónicos e Internet), transmitir, comunicar, modificar, alterar, transformar, ceder ou, en calquera outra forma, desprezar actividades que leven consigo o uso comercial da Propiedade, xa sexa con carácter parcial ou total, sen que conste o expreso consentimento, outorgado por escrito, do lexítimo titular dos dereitos de explotación.

O acceso e uso da Propiedade realizarase sempre e en todo caso con fins estritamente persoais e non comerciais.

A Sociedade reserva todos os dereitos sobre a Propiedade que lle correspondan incluídos, a título enunciativo e non limitativo, todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que ostente sobre eles.

A Sociedade non concede ningunha outra licenza ou autorización de uso ao usuario sobre a súa Propiedade distinta da que expresamente se detalla na presente cláusula. A Sociedade reserva o dereito a resolver ou modificar, en calquera momento e por calquera causa, as licenzas outorgadas en virtude das presentes Condicións.

Sen prexuízo diso, a Sociedade poderá emprender accións legais contra calquera utilización por parte do usuario que:

- non sexa conforme aos termos e condicións aquí especificados;
- infrinxa ou vulnere os dereitos de propiedade intelectual e industrial ou outros análogos da Sociedade ou de calquera outro terceiro lexítimo titular; ou infrinxa calquera normativa que sexa de aplicación.

Os usuarios non están autorizados para copiar, distribuír (incluíndo correos electrónicos e Internet), transmitir, comunicar, modificar, alterar, transformar, ceder ou, en calquera outra forma, despregar actividades que leven consigo o uso comercial da Propiedade, xa sexa con carácter parcial ou total, sen que conste o expreso consentimento, outorgado por escrito, do lexítimo titular dos dereitos de explotación.

O acceso e uso da Propiedade realizarase sempre e en todo caso con fins estritamente persoais e non comerciais.

A Sociedade reserva todos os dereitos sobre a Propiedade que lle correspondan incluídos, a título enunciativo e non limitativo, todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que ostente sobre eles.

A Sociedade non concede ningunha outra licenza ou autorización de uso ao usuario sobre a súa Propiedade distinta da que expresamente se detalla na presente cláusula.

A Sociedade resérvase o dereito de resolver ou modificar en calquera momento e por calquera causa, as licenzas outorgadas en virtude das presentes Condicións Wallet. Sen prexuízo diso, a Sociedade poderá emprender accións legais contra calquera utilización por parte do usuario que:

- non sexa conforme aos termos e condicións aquí especificados;
- infrinxa ou vulnere os dereitos de propiedade intelectual e industrial ou outros análogos da Sociedade ou de calquera outro terceiro lexítimo titular; ou infrinxa calquera normativa que sexa de aplicación.